

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026030	Terra de Xallas	Santa Comba	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0448	Operacións auxiliares de xestión de tesouraría	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA REYES SOBRINO CERDEIRIÑA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Perfil Profesional

O perfil profesional do título de técnico en xestión administrativa determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral

Segundo o Decreto 191/2010, do 28 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en xestión administrativa, a competencia xeral do título de técnico en xestión administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Unidade de competencia asociada ao módulo

Segundo o mesmo decreto, o módulo de Operacións Auxiliares de Xestión de Tesouraría está asociado á unidade de competencia UC0979_2: Realizar as xestións administrativas de tesouraría.

Contorno profesional

Este profesional exerce a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade e nomeadamente no de servizos, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Auxiliar administrativo/a.
- Axudante de oficina.
- Auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos
- Administrativo/a comercial.
- Auxiliar administrativo/a de xestión de persoal
- Auxiliar administrativo/a das administracións públicas.
- Recepcionista.
- Empregado/a de atención á clientela.
- Empregado/a de tesouraría.
- Empregado/a de medios de pagamento.

A presente programación desenvolverase no IES Terra do Xallas de Santa Comba, ubicado nun concello en nun entorno que conta con empresas dos tres sectores económicos, predominando as do sector primario

e, a continuación deste, a maior presenza corresponde ao sector servizos e, por último, á industria. Nos distintos sectores, hai un predominio das empresas de pequena dimensión que normalmente requiren traballadores cun alto grao de polivalencia e adaptabilidade.

No sector servizos teñen presenza destacada as empresas de asesoría e xestión, tanto na localidade como en concellos limítrofes. Este tipo de empresas constitúen unha das posibles saídas laborais para o alumnado do ciclo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0448_00			
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4
1	O sistema financeiro español. Operacións bancarias	Funcións do diñeiro e do sistema financeiro. Concepto de aforro e investimento. Operacións bancarias	30	20		X	X	X
2	O xuro simple	Concepto de operación financeira e tipo de interés. Tipos de operacións financeiras. O interés simple	36	20			X	X
3	Medios de cobro e pago. Operacións de desconto	Medios de pago e cobro asociados á actividade das empresas. Operacións de desconto sobre determinados medios de pago e cobro.	36	20			X	X
4	Capitalización composta. Rentas e préstamos	Operacións a xuro composto. Cálculo das diferentes magnitudes. Tasa anual equivalente. Concepto de renda financeira. Tipos de rentas financeiras. Cadro de amortización.	47	20		X	X	X
5	Xestión de tesouraría	Libros de tesouraría. Fluxos de caixa. Orzamentos de tesouraría.	32	15	X			
6	Produtos e servizos de seguros	Concepto de seguro. Elementos do contrato. Tipos de seguros.	11	5		X		
Total:			192					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro español. Operacións bancarias	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as funcións do sistema financeiro 1.2 Distinguir os participantes no sistema financeiro 1.3 Distinguir as operacións de activo e pasivo	1	O sistema financeiro	4,0
2.1 Coñecer os tipos de entidades que forman o sistema financeiro español 2.2 Coñecer as funcións do Banco de España e o B.C.E 2.3 Coñecer os diferentes mercados financeiros e as autoridades que os supervisan 2.4 Distinguir entre bancos, cooperativas de crédito e establecementos financeiros de crédito 2.5 Coñecer as funcións do mercado da Bolsa	2	O sistema financeiro español	4,0
3.1 Identificar as operacións de pasivo bancario 3.2 Diferenciar os distintos tipos de contas e depósitos 3.3 Recoñecer os diferentes tipos de produtos de pasivo ofertados polas entidades bancarias 3.4 Relacionar as leis financeiras coas operacións de pasivo 3.5 Cumprimentar documentación básica referente a contas correntes e de aforro	3	As operacións bancarias de pasivo	10,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
4.1 Identificar as operacións de servizos bancarios	4	As operacións bancarias de servizos	3,0
4.2 Coñecer e diferenciar os distintos servizos bancarios			
4.3 Coñecer o custo asociado ás operacións de servizos en forma de comisións			
4.4 Cumprimentar documentación básica referente a servizos bancarios			
5.1 Identificar as operacións de activo	5	As operacións bancarias de activo	9,0
5.2 Coñecer as operacións de financiación ofertadas polas entidades			
5.3 Coñecer outras operacións de financiamento non bancarias			
5.4 Identificar as garantías asociadas a unha operación de financiamento			
5.5 Identificar outras fontes de financiamento da empresa			
5.6 Relacionar as leis financeiras coas operacións de activo			
5.7 Cumprimentar documentación básica referente a operacións activas			
TOTAL			30

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Clasifícaronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro español.	• LC.1 - Exercicios sobre os contidos asociados	N	8
CA2.2 Precísáronse as institucións de crédito e as financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.	• PE.1 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	8
CA2.3 Diferenciáronse os mercados dentro do sistema financeiro español en relación cos produtos financeiros que se empregan habitualmente na empresa.	• PE.2 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Relacionáronse as funcións principais de cada intermediario financeiro.	• PE.3 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	10
CA2.5 Diferenciáronse os principais instrumentos financeiros bancarios e non bancarios, e describíronse as súas características.	• PE.4 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	10
CA2.7 Identifícanse os servizos básicos que nos ofrecen os intermediarios financeiros bancarios e os documentos necesarios para a súa contratación.	• PE.5 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	10
CA2.9 Operouse con medios telemáticos de banca en liña e afíns.	• LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados	N	8
CA2.10 Formalizáronse documentos relacionados coa contratación, a renovación e a cancelación de produtos financeiros habituais na empresa.	• LC.3 - Exercicios sobre os contidos asociados	S	10
CA3.7 Identifícanse os servizos básicos que ofrecen os intermediarios financeiros bancarios, e os documentos necesarios para a súa contratación.	• PE.6 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	10
CA4.7 Relacionáronse as operacións financeiras bancarias coa capitalización simple e composta, e o desconto simple.	• PE.7 - Proba obxectiva sobre contidos asociados	S	8
CA4.9 Utilizáronse ferramentas informáticas específicas do sistema operativo bancario.	• LC.4 - Exercicios sobre os contidos asociados	N	8
		TOTAL	100

4.1.e) Contidos

Contidos
Institucións financeiras bancarias: Banco Central Europeo, Banco de España, banca privada e caixas de aforros. Mercados financeiros. Instrumentos financeiros bancarios e de financiamento, investimento e servizos: contas correntes e de crédito, préstamo, desconto comercial, carteira de valores, imposicións a prazo, transferencias, domiciliacións, xestión de cobramentos e pagamentos e ba Instrumentos financeiros non bancarios de financiamento, investimento e servizos: leasing, renting e factoring. Outros instrumentos de financiamento. Subvencións, provedores e avais. Documentación relacionada coas operacións bancarias. Aplicacións informáticas de operativa bancaria. Servizos bancarios en liña máis habituais.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O sistema financeiro - Descríbanse as funcións que cumpre o sistema financeiro para poñer en contacto ás unidades económicas con superávit con aquelas que teñen déficit. Introducírase do concepto de Activo financeiro e Pasivo financeiro.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación por parte do profesor das funcións dun sistema financeiro para proporcionar financiación a partir do aforro. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes. Participación na clase. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de apuntes e actividades do alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Proba obxectiva sobre contidos asociados 	4,0
O sistema financeiro español - Descríbanse os elementos que configuran o sistema financeiro español: mercados, produtos e axentes financeiros e os seus organismos supervisores.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do profesor dos elementos que configuran o sistema financeiro e as institucións que o supervisan. 	<ul style="list-style-type: none"> Visitar as páxinas web do B. C.E., de bancos comerciais e compañías de seguros e da bolsa. Tomar apuntes. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de apuntes e actividades do alumno. 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores da aula. Canón de proxección. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre os contidos asociados PE.1 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.2 - Proba obxectiva sobre contidos asociados 	4,0
As operacións bancarias de pasivo - Descríbanse os produtos bancarios de pasivo máis habituais	<ul style="list-style-type: none"> Explicación por parte do profesor dos tipos de operacións que realizan os bancos. Explicación por parte do profesor do concepto de depósito bancario e os requisitos dun contrato de depósito. Explicación por parte do profesor dos diferentes tipos de contas á vista e depósitos a prazo e as maneiras de calcular os xuros en diferentes produtos. Explicación por parte do profesor da forma de cumprimentar diferentes impresos de apertura de contas, ordes de domiciliación, etc.. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes. Visitar páxinas web de entidades bancarias para coñecer os produtos que ofertan. Visitar páxinas web de entidades bancarias para coñecer os produtos de pasivo que ofertan. Tomar apuntes. Realizar exercicios de cálculo sobre exemplos tomados das páxinas dos bancos nas que se apliquen diferentes formas de cálculo dos intereses. Tomar apuntes. Realizar exercicios de cumprimentación de diversos impresos relacionados coas contas bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de apuntes e actividades do alumno. Exercicios correctamente resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores da aula. Canón de proxección. Fotocopias de exercicios propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados LC.3 - Exercicios sobre os contidos asociados LC.4 - Exercicios sobre os contidos asociados PE.4 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.5 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.6 - Proba obxectiva sobre contidos asociado PE.7 - Proba obxectiva sobre contidos asociado 	10,0
As operacións bancarias de servizos - Descríbanse as operacións de servizos que proporcionan os bancos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación por parte do profesor da variedade de servizos bancarios así como 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes. Realizar exercicios de cálculo de comisións 	<ul style="list-style-type: none"> Caderno de apuntes e actividades do alumno. Exercicios correctamente 	<ul style="list-style-type: none"> Fotocopias de exercicios propostos. Ordenadores da aula. Canón de proxección. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	da súa facturación en forma de comisións bancarias. <ul style="list-style-type: none"> Explicar e propoñer exercicios de cumprimentación de documentación básica relativa a servizos bancarios habituais. 	tomadas das tarifas oficiais publicadas na páxina web do Banco de España. Visitar esa páxina e páxinas de bancos para obter datos sobre produtos e tarifas. <ul style="list-style-type: none"> Resolución correcta dos exercicios propostos. 	resultos		<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Exercicios sobre os contidos asociados LC.4 - Exercicios sobre os contidos asociados PE.4 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.5 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.6 - Proba obxectiva sobre contidos asociado PE.7 - Proba obxectiva sobre contidos asociado 	
As operacións bancarias de activo - Describiranse as diferentes operacións financiamento	<ul style="list-style-type: none"> Explicación por parte do profesor dos tipos de operacións activas que realizan os bancos. 	<ul style="list-style-type: none"> Tomar apuntes Visitar páxinas web de entidades bancarias para coñecer os produtos de activo que ofertan. 	•	•	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados LC.3 - Exercicios sobre os contidos asociados LC.4 - Exercicios sobre os contidos asociados PE.4 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.5 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.6 - Proba obxectiva sobre contidos asociado PE.7 - Proba obxectiva sobre contidos asociado 	9,0
TOTAL						30,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O xuro simple	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o concepto de operación financeira 1.2 Coñecer o concepto de lei financeira 1.3 Diferenciar as variables que interveñen nunha operación financeira 1.4 Diferenciar unha operación de capitalización dunha de actualización	1	As leis financeiras	2,0
2.1 Coñecer o principio de cálculo dos intereses en proporción ao capital e ao tempo 2.2 Realizar exercicios de proporcionalidade e cálculo de tantos por cen e tantos por ún 2.3 Coñecer e aplicar a fórmula do xuro simple con tantos anuais 2.4 Calcular as magnitudes que interveñen nunha operación a xuro simple 2.5 Coñecer e aplicar ao cálculo o fraccionamento do tanto anual	2	A lei de capitalización simple	17,0
3.1 Coñecer o procedemento dos números comerciais para o cálculo de intereses 3.2 Aplicar os números comerciais para o cálculo de intereses de varios capitais 3.3 Coñecer o concepto de saldo e tempo para un capital variable 3.4 Coñecer e diferenciar os tipos de saldo que pode presentar unha conta 3.5 Coñecer e diferenciar as contas de aforro, correntes e de crédito	3	A liquidación de contas bancarias	17,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.6 Coñecer e diferenciar os conceptos de data e data valor			
3.7 Coñecer e aplicar as comisións que poden presentar as contas e a retención fiscal aplicable			
3.8 Liquidar contas de aforro, correntes e de crédito			
TOTAL			36

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Diferenciouse entre as leis financeiras de capitalización simple e de actualización simple.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba obxectiva sobre contidos asociados 	S	25
CA3.2 Calculouse o xuro simple e composto de diversos instrumentos financeiros.			0
CA3.2.1 Calculouse o xuro simple de diversos instrumentos financeiros	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre os contidos asociados 	S	25
CA4.1 Liquidouse unha conta bancaria e unha de crédito polos métodos máis habituais.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados 	S	25
CA4.3 Diferenciáronse as variables que interveñen nas operacións de préstamos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba obxectiva sobre contidos asociados 	S	25
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Capitalización simple e composta.
Capitalización simple
Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
As leis financeiras - Describíranse as leis financeiras e a súa utilización	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de operación financeira e lei financeira e as magnitudes que interveñen en calquera operación financeira 	<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as operacións financeiras. Buscar exemplos de operacións financeiras 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer o concepto de operación financeira e a existencia das leis financeiras 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, tests sobre os conceptos explicados 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba obxectiva sobre contidos asociados PE.2 - Proba obxectiva sobre contidos asociados 	2,0
A lei de capitalización simple - Describíranse as características e forma de cálculo do xuro simple	<ul style="list-style-type: none"> Explicar a lei financeira do interés simple e as fórmulas de aplicación nas operacións a interés simple 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios prácticos sobre a materia explicada 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer e aplicar a lei do interés simple a diversas operacións financeiras 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, exercicios e tests sobre os conceptos explicados 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre os contidos asociados 	17,0
A liquidación de contas bancarias - Describíranse as características e forma de cálculo da liquidación dunha conta	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os conceptos relacionados coas contas bancarias e a súa liquidación. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios sobre a liquidación de contas bancarias. Buscar información sobre bancos e contas bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer os conceptos relacionados coas contas bancarias e saber liquidar contas correntes e de aforros 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, exercicios e tests sobre os conceptos explicados 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Exercicios sobre os contidos asociados 	17,0
TOTAL						36,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Medios de cobro e pago. Operacións de desconto	36

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO
RA4 - Efectúa as operacións bancarias básicas e interpreta a documentación asociada.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Distinguir as formas de cobro e pago utilizados nas actividades comerciais. 1.2 Coñecer os principais documentos de cobro e pago e as normas para a súa correcta cumprimentación. 1.3 Coñecer a influencia dos prazos de cobro ou pago sobre a tesouraría da empresa 1.4 Coñecer o concepto de desconto de documentos 1.5 Coñecer o uso do desconto e a súa importancia na xestión da tesouraría	1	Medios de cobro e pago	8,0
2.1 Distinguir os conceptos de vencemento, nominal, efectivo e tipo de desconto 2.2 Coñecer a fórmula de cálculo do desconto comercial 2.3 Calcular as magnitudes que interveñen nunha operación de desconto comercial	2	A lei do desconto comercial	12,0
3.1 Coñecer a forma de cálculo do desconto matemático 3.2 Distinguir o desconto matemático do desconto comercial 3.3 Distinguir a diferenza entre tipo de interés e tipo de desconto 3.4 Calcular as magnitudes que interveñen nunha operación de desconto matemático	3	O desconto matemático	6,0
4.1 Coñecer o concepto de remesa de efectos 4.2 Coñecer os gastos e comisións que poden aplicarse ao desconto de remesas 4.3 Cumprimentar a documentación dunha remesa de efectos 4.4 Calcular o efectivo dunha remesa de efectos con gastos 4.5 Calcular o tanto único e o custo dunha remesa	4	Descontos de remesas	10,0

TOTAL	36
--------------	-----------

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.3 Calculouse o desconto simple de diversos instrumentos financeiros.	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Exercicios sobre contidos asociados 	S	50
CA4.2 Calculouse o líquido dunha negociación de efectos.	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Exercicios sobre contidos asociados 	S	50
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Actualización simple.
Operacións bancarias de capitalización simple e desconto simple.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medios de cobro e pago - Describíranse os diferentes documentos que se utilizan como medios de cobro e pago	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as diferentes formas de cobro e os documentos que se utilizan nas diferentes modalidades con especial referencia aos efectos comerciais. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer as diferentes formas de pago e cobro e buscar información relativa aos instrumentos de cobro e pago. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer as características das formas de pago máis utilizadas 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, tests sobre os conceptos explicados, ordenadores da aula 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre contidos asociados 	8,0
A lei do desconto comercial - Describírase da lei do desconto comercial e calcularanse as magnitudes que interveñen nesas operacións	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de desconto de efectos, a súa natureza financeira e a súa relación coa tesouraría da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os conceptos referidos ao desconto e realizar exercicios prácticos sobre o desconto de efectos 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e aplicar a lei do desconto comercial 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, exercicios prácticos e tests sobre os conceptos explicados 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre contidos asociados 	12,0
O desconto matemático - Describírase da lei do desconto matemático e calcularanse as magnitudes que interveñen nesas operacións	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de desconto matemático e a súa aplicación 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios sobre a materia explicada 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer o desconto matemático e diferencialo do desconto comercial. Aplicar a lei do desconto matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, exercicios prácticos, tests sobre os conceptos explicados 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre contidos asociados 	6,0
Descontos de remesas - Describírase o modo de aplicación da lei de desconto comercial ao caso do desconto de remesas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar o concepto de remesa de efectos e os gastos que leva aparelados 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios sobre a materia explicada 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer o concepto de remesa e realizar prácticas de liquidación de remesas de efectos 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, exercicios prácticos, ordenadores da aula 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Exercicios sobre contidos asociados LC.2 - Exercicios sobre contidos asociados 	10,0
TOTAL						36,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Capitalización composta. Rentas e préstamos	47

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza os trámites de contratación, renovación e cancelación correspondentes a instrumentos financeiros básicos de financiamento, investimento e servizos desta índole que se utilizan na empresa, e describiuse a finalidade de cada un.	NO
RA3 - Efectúa cálculos financeiros básicos, para o que identifica e aplica as leis financeiras correspondentes.	NO

